




## ORIENTATE DE 3º ESO A 4º ESO

COMO SE ESTRUTURA

4º ESO



Se cursaches en 3º ESO a **opción de matemáticas académicas** prepárate para acceder aos estudos de **Bacharelato**. Se cursaches a **opción de matemáticas aplicadas** prepárate para acceder aos estudos de **Formación Profesional de Grao Medio**. Aínda así, non serán vinculantes as opcións cursadas en 3º de ESO. Isto significa que poderás escoller o que desexes en 4º ESO porque así o regula a normativa educativa.

**IMPORTANTE:** Ten en conta que as matemáticas académicas son máis amplas e teóricas que as aplicadas, pero non é un impedimento para cursarlas en 4º de ESO, posto que os contidos básicos son os mesmos.

É importante que fagas tamén o seguinte exercicio de reflexión, compara as dúas materias troncais que vas ter que cursar segundo a opción que elixas.

Por último, a toma de decisión para estudar a opción de ensinanzas aplicadas ou académicas debe se coherente con dúas variables:

- ✓ **que quero estudar ao rematar a ESO?**
- ✓ **En que opción teño máis posibilidades de éxito para acadar o título da ESO?**



Consulta aquí impreso prematrícula de 4º ESO

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontevila/node/1659>

4º ESO	
ENSINANZAS ACADÉMICAS	ENSINANZAS APLICADAS
1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) <b>4) Matemáticas Académicas (4h)</b> 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Tutoría (1h)	1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) <b>4) Matemáticas Aplicadas (4h)</b> 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Tutoría (1h)
<b>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</b> 1) Bioloxía e Xeoloxía (3h) 2) Economía (3h) 3) Física e Química (3h) 4) Latín (3h)	<b>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</b> 1) Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h) 2) Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h) 3) Tecnoloxía (3h)
<b>ELIXIR DÚAS</b> 1) Música (3h) 2) Filosofía (3h) 3) Cultura Científica (3h) 4) Tecnoloxía (3h) 5) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h) 6) TIC: Tecnoloxía da Información e Comunicación (3h) 7) Segunda Lingua Estranxeira (Francés) (3h) <b>8) Cultura Clásica (3h) Se non a cursaches en 3º ESO</b> 9) Materia do bloque de materias troncais de opción tanto de Académicas como Aplicadas (3h)	
<b>ELIXIR UNHA</b> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)	
<b>Total: 32 horas semanais</b>	



### IMPORTANTE:

- Se non tes dificultades coas linguas, é aconsellable que curses 2º Lingua estranxeira de 1º a 4º ESO.
- Se tes dúbidas sobre “de que vai” algunha das materias nas que tes a posibilidade de elixir:

### Consulta aquí:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontevila/node/1659>

Se pinchas en materias, teñen a actualización do que se da en cada unha delas.

- En caso de que non teñas claro se queres cursar un ciclo de grao medio ou bacharelato, elixe a opción de ensinanzas académicas.

## PROMOCIÓN

### IMPORTANTE TER EN CONTA ESTA ACLARACIÓN:

Estos son os criterios habituais para promocionar pero este curso, de forma excepcional, motivado polo COVID-19, debemos aínda esperar ao que dispoña a Consellería de Educación da Xunta de Galicia ou o Ministerio de Educación y Formación Profesional.

## PROMOCIÓN DE 3º ESO A 4º ESO

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. ( Artigos 22 3 23).**

- As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
- A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.
- Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:
  - a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.



## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

- Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre

que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas
- Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.
- O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso.
- Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

### PARA OBTENER O TÍTULO DE GRADUADO EN 4º ESO

#### **IMPORTANTE TER EN CONTA ESTA ACLARACIÓN:**

Estos son os criterios habituais para obter o título en ESO pero este curso, de forma excepcional, motivado polo COVID-19, debemos aínda esperar ao que dispoña a Consellería de Educación da Xunta de Galicia ou o Ministerio de Educación y Formación Profesional.

*RESOLUCIÓN de 29 de mayo de 2019, de la Dirección General de Educación, Formación Profesional e*



*Innovación Educativa, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo, en el curso académico 2019/20, del currículo establecido en el Decreto 86/2015, de 25 de junio, de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato en los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia.*

**Consulta aquí:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190611/AnuncioG0534-040619-0003\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190611/AnuncioG0534-040619-0003_es.html)

Artigo (Duodécimo). Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria

“1. El alumnado que al terminar la ESO **tenga evaluación positiva en todas las materias y haya logrado los objetivos de la etapa y adquiridas las competencias correspondientes** obtendrá el título de **graduado en ESO**.

2. Asimismo, obtendrá el título aquel alumnado que, una vez realizadas **las pruebas extraordinarias**, finalice la etapa **con evaluación negativa en un máximo de dos materias, siempre que no sean simultáneamente Lengua Gallega y Literatura y Matemáticas, o Lengua Castellana y Literatura y Matemáticas** y que el equipo docente considere que el alumno o alumna ha logrado los objetivos de la etapa y adquiridas las competencias correspondientes.

3. **Las materias con la misma denominación en diferentes cursos se considerarán como materias distintas.**

4. La nota media de la etapa será el promedio de las calificaciones numéricas obtenidas en cada una de las materias cursadas en la etapa, expresada en una escala de 1 a 10 con dos cifras decimales, redondeada a la centésima más próxima y, en el caso de equidistancia, a la superior. A estos efectos, la situación de «no presentado/a» (NP) en la evaluación extraordinaria equivaldrá a la calificación numérica obtenida para la misma materia en la evaluación ordinaria.

6. **Los alumnos y las alumnas que obtengan un título de Formación Profesional Básica podrán obtener el título de Graduado en ESO, siempre que en la evaluación final del ciclo formativo el equipo docente considere que han logrado los objetivos de la ESO y adquiridas las competencias correspondientes.**

7. Los títulos de Graduado en ESO permitirán acceder indistintamente a cualquiera de las enseñanzas postobligatorias recogidas en el artículo 3.4 de la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de acuerdo con lo establecido en el artículo 2 del Real decreto 562/2017, de 2 de junio.”



**IMPORTANTE:** Para obter o título en ESO en xuño hai que aprobar todas as materias co que estarían acadados os obxectivos xerais de etapa e competencias básicas. O punto 2 do artigo, refírese as probas extraordinarias de setembro e sempre a criterio do equipo docente.

Se queres cursar un Ciclo de Grao Medio de Formación Profesional, na convocatoria de xuño esgótanse practicamente todas as prazas. ESTUDA PARA TER POSIBILIDADES DE FACER O QUE CHE AGRADA!.

Se queres cursar bacharelato, ter o nivel académico axeitado que proporciona a Educación Secundaria Obrigatoria fará que o aproveites con éxito.

## CONSELLO ORIENTADOR

### EN 3ºESO


Ao final de cada un dos cursos de ESO entregárase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias co que se xustifica a proposta.

Se se considerase necesario, o consello orientador poderá incluír unha **recomendación sobre a incorporación a un ciclo de Formación Profesional Básica (FPB).**

**IMPORTANTE: O Consello Orientador ten carácter orientativo. É unha recomendación do Equipo docente, Dirección e Departamento de Orientación, asesora, non obriga.**



OPCIÓN DESPOIS DA ESO





## E DESPOIS DA ESO QUE...

### PLAN A.- SE TES O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

Tes as seguintes opcións:

➤ **MODALIDADES DE BACHARELATO:**

- Ciencias
- Humanidades
- Ciencias Sociais
- Artes

**Consulta aquí materias de bacharelato:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontevila/node/1659>

\*Consulta anexo i formulario de 1º bacharelato

\* Consulta anexo i formulario de 2º bacharelato

➤ **A FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA (CICLOS DE GRAO MEDIO)**

As prazas ofrecidas distribúense en tres cotas:

**Grupo A**, persoas que posúen título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.

**Grupo B**, persoas que teñen título profesional básico ou os módulos obrigatorios dos PCPI do curso 2011-2012 ou seguintes.

**Grupo C**, persoas que teñen certificación de superación das probas de acceso a ciclos ou outras vías de acceso a ciclos de grao medio.

A distribución é:

GRUPO A ESO ou equivalentes	GRUPO B FPB e PCPI	GRUPO C Probas de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

Consulta os requisitos de acceso polo réxime ordinario nesta ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-grao-medio>





➤ **AS ENSEINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:**

- Música,
- Danza
- Artes Plásticas e Deseño (Ciclos de Grao Medio)
- Idiomas
- Ensinanzas deportivas (Adestrador deportivo)

**Consulta nesta ligazón:**

<http://www.edu.xunta.gal/portal/eea>

**PLAN B.- SE NON TES TÍTULO DE GRADUADO EN ESO:**

➤ **CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA.**

A proposta é para alumnado sen título da ESO, que ten interese en estudos de formación profesional inicial unha familia profesional determinada.

**Consulta aquí:**

<http://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica>

A formación profesional básica forma parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo. Ordénase en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable.

Os ciclos formativos de formación profesional básica teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos. Na modalidade de FP dual ata 3 cursos.

Estas ensinanzas responden a un perfil profesional que inclúe ao menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- Que título se obtén?
- Cal é a validez dos títulos?
- Cales son as vías de obtención do título profesional básico?
- Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?
- Que hai que facer para matricularse?
- Cal é o período de admisión na FP Básica?
- Onde podo cursar un ciclo formativo básico?

**Que título se obtén?**

Superando un ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

**Adicionalmente**, segundo o Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora



da calidade educativa, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social político pola educación, os alumnos que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter **o título de educación secundaria obrigatoria** sempre que, na avaliación derradeira do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

### **Cal é a validez dos títulos?**

**O título profesional básico ten tanto valor académico como profesional.**

Éste título permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio. En caso de concorrencia competitiva, que existan máis solicitudes de matrícula que prazas, cada título profesional básico permite a aplicación de criterios de preferencia para a admisión a certos ciclos de grao medio

### **Acceda aos criterios de preferencia**

Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

### **Cal son as vías de obtención do título profesional básico?**

- Superar un ciclo de formación profesional básica

### **Cal son os requisitos para acceder á FP Básica?**

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso
- A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.



### Que hai que facer para matricularse?

Presentar unha única solicitude de admisión e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais.

A solicitude presentarse no centro educativo no que pretenda ser admitido, e no caso de que a docencia do ciclo se organice en dous centros, a solicitude deberá presentarse no centro onde se impartan os módulos asociados a unidades de competencia.

### Cal é o período de admisión na FP básica?

Normalmente a presentación de solicitudes vai dende o día 2 ao 12 de setembro ás 13:00 horas.

### Onde podo cursar un ciclo formativo básico?

Na seguintes ligazóns poderá consultar a oferta de ciclos formativos de réxime **ordinario** (grao profesional básico, grao medio e grao superior) para o **curso 2019-2020**:

[Clasificada por familia profesional e ciclo formativo \(actualizado 21.06.2019\)](#)

[http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/8490](http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8490)

**IMPORTANTE:** Hai que esperar a actualización da oferta para o curso 2020-2021.

## ➤ AS ENSEINANZAS DE PERSOAS ADULTAS (ESA)

### En que consiste?

Trátase dunha formación pública e gratuíta dirixida a calquera persoa que teña cumpridos os 18 anos e que abandonaron o sistema educativo sin obter a titulación básica.

Estas ensinanzas organízanse de xeito algo diferente, tanto nas áreas impartidas como no horario. A titulación acadada é a mesma que nas ensinanzas ordinarias.

As ensinanzas de Educación Secundaria poden ser presenciais ou a distancia.

### TODA A INFORMACIÓN SOBRE DESTINATARIOS, ORGANIZACIÓN, DURACIÓN E OFERTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Consulta aquí

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3468>

- PROBAS DE ACCESO A GRAO MEDIO. Para poder concorrer á proba é necesario **ter cumpridos dezasete anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba** ou, **excepcionalmente**, se tes contrato de traballo que xustifique non poder acceder polo sistema ordinario, con 16 anos.



A proba divídese en tres partes:

- Sociolingüística: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- Matemática: matemáticas.
- Científico-técnica: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

➤ **OUTRAS ALTERNATIVAS:**

A Formación Ocupacional.

A Formación non regrada.

Regulada polo Ministerio de Traballo.

Para ter información de fontes oficiais consulta ao INEM e aos orientadores/as laboráis dos Concellos.

**IMPORTANTE: Nunca te quedes sen Plan, sexan as circunstancias que sexan. Segue aprendendo porque vas precisalo!**